



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 27 DE ABRIL DO ANO 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 33 minutos do día 27 de abril do ano 2016, baixo a Presidencia do primeiro tenente de presidente, José Ramón Martínez Barbeito (en funcións de presidente por delegación do sr. presidente mediante Resolución 252/2016 do 19 de abril de 2016), coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: mWuiUyvpGagRdAY0Cq4c
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN="IGLESIAS MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V", GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
CN="IGLESIAS MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V", GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:36 página/s. Página 1 de 36.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Escusa a súa asistencia

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. presidente pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión ordinaria do 23 de marzo de 2016, segundo o previsto no art. 91.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O secretario da conta de que:

- a instancia do grupo político municipal PP, advertiuse que na moción presentada de común acordo polos catro grupos políticos municipais relativa á incorporación ao Padrón do Imposto de Bens Inmóbles de instalacións rústicas que ata agora estaban exentas tralo proceso de regularización catastral que se está a





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

desenvolver en Galicia polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no apartado sexto onde di: “o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 3%”, debe dicir “o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%”.

- a instancia do grupo político municipal do B.N.G., advertiuse un erro na votación do punto 4º da orde do día de xeito que onde di: “*por catorce (14) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e do BNG e tres (3) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto*” debe dicir “*por trece (13) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e Mixto e catro (4) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais do B.N.G. e dos Socialistas de Galicia-PSOE*”

A acta é sometida a votación **coa rectificación propostas polos grupos políticos municipais do P.P. e do B.N.G.** quedando **aprobada por unanimidade dos membros presentes.**

2.- EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 7/2016.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 22 de abril de 2016, na que se deu conta do expediente formado e do Informe de Intervención en relación co asunto do epígrafe.

O sr. presidente explica que a presentación da factura foi extemporánea o que motiva a necesidade deste recoñecemento extraxudicial.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, manifesta que debería existir maior previsión e boa xestión do gasto tal e como di o informe da interventora.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Contas adopta, **por trece (13) votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do PP, BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE e unha (1) abstención correspondente ao concelleiro do grupo político municipal Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do crédito seguinte:

Provedor	Nº factura	Concepto	Aplicación orzamentaria		Importe (€)
CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L.	000051-16	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A LARACHA	1531	61900	2735,36

SEGUNDO.- Aplicar, con cargo á aplicación orzamentaria 1531/61900 do Orzamento do exercicio 2016, os correspondentes créditos, ao non estar afectos a día de hoxe a ningún compromiso de gasto.

3.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS ECONÓMICAS POR EMERXENCIA SOCIAL.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 22 de abril de 2016, na que se deu conta do expediente formado no que se inclúe a proposta e a ordenanza redactada polos Servizos Sociais Municipais e o informe da Interventora da Corporación.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que é importante regulalo.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sinala tamén que é importante regulalo pero engade que ven tres puntos nos que non están de acordo:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Tratándose de axudas de emerxencia non pode tardarse 1 mes en outorgalas, xa que deberían ser inmediatas nalgúns casos como as necesarias para mercar comida, que son distintas daquelas necesarias para garantir un aluguer, nas que 1 mes pode ser razoable.
- O artigo 12.5 limita a concesión das axudas a dispoñibilidade orzamentaria o que entenden que non pode ser así porque discrimina segundo o momento de solicitude ao longo do ano natural, polo que eses créditos deberían ser ampliáveis.
- A restrición de 1 axuda por concepto e ano semella excesiva porque pode darse o caso de ter máis dunha situación de emerxencia no mesmo ano.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, afirma que é positivo que se regule aínda que discrepan nalgúns puntos polo que se absterán, sen prexuízo de facer alegacións durante a información pública:

- No caso de ter esgotada a aplicación orzamentaria e existan situacións de emerxencia social, deberían tramitarse modificacións orzamentarias e debería constar o compromiso.
- No artigo 5 debería constar a compatibilidade coa Renda de Inclusión Social de Galicia cando menos.
- No artigo 9 o límite para subsistencia do 50% do IPREM cun máximo de tres mensualidades quédase moi curto, son uns 800 euros por ano.
- No artigo 10.2 sinalase que de forma excepcional os expedientes poderán incoarse de oficio, o que lles parece que debería ser a regra xeral.

O sr. presidente contesta que efectivamente trátase da aprobación inicial do texto e que abre un prazo de alegacións, sendo a finalidade desta ordenanza dar unha resposta rápida e inmediata e, do mesmo xeito as modificacións orzamentarias que sexan precisas como solicita o BNG serán tramitadas porque precisamente ese é o fin desta ordenanza. Remata dicindo que no período de alegacións poderá mellorarse o texto.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación,





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por trece (13) votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do PP dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto e unha (1) abstención correspondente ao concelleiro do grupo político municipal do BNG**, , o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora das axudas económicas por emerxencia social, coa seguinte redacción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares. A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais (en Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia).

Pola súa banda , a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece nas competencias dos municipios a prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

Afondando nas competencias que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos, sinálase significativamente o disposto no artigo 60 (competencias para a creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios básicos), artigo 18 c) (prestacións económicas destinadas a





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral), artigo 18.3.(recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial).

As axudas deberán concederse unicamente seguindo os criterios establecidos na presente ordenanza, mediante unha valoración profesional que teña en conta a tipoloxía do problema ou a necesidade social que se vaia a cubrir, a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionarla, a prevención da situación de risco e/ou desprotección para persoas maiores e a necesidade de evitar deterioración de situacións persoais que poidan rematar en procesos de exclusión social.

Resulta imprescindible ter en conta aos sectores máis vulnerables e articular procedementos ou mecanismos de intervención que permitan acadar unha igualdade real e efectiva no acceso aos recursos dos servizos sociais implantados resultando necesario establecer estratexias diferenciadas co fin de evitar situacións que poñan en risco a exclusión social da poboación.

O procedemento a seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razón de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade e co establecido no artigo 22.2 c) da citada Lei.

Artigo 1- RÉXIME XURÍDICO

As prestacións de emerxencia social concedidas rexeranse polo disposto na presente ordenanza e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2- CONCEPTO.

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

de emerxencia social municipais, entendidas como prestacións non periódicas de natureza económica destinadas a aquelas persoas integradas nunha unidade de convivencia cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario, co fin de previr, evitar ou paliar, situacións de marxinação social.

Tamén se pode considerar emerxencia calquera situación de catástrofe sobrevida por accidente, inundación, afundimento ou calquera outra que sexa imprevisible e ante á que a persoa non dispoña de recursos para a súa solución.

2.- A finalidade destas axudas é dar unha resposta rápida e inmediata ás necesidades persoais ou unidades familiares que se atopen nunha situación de carencia urxente para que poidan evolucionar cara a súa autonomía e integración social, dado que estas axudas son un apoio temporal.

Dado que o réxime normativo e as atencións ás que respondan as axudas económicas obxecto desta Ordenanza, serán sempre temporais para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia. En todo caso, terán carácter finalista, debendo ser utilizadas para o fin para o que foron concedidas; son intransferibles. Para a súa concesión é necesaria a existencia de crédito nos orzamentos municipais.

Cando así o determine o persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais deberán estar enmarcadas nun proceso de intervención social, no que se inclúa unha análise completa da situación familiar coa aceptación expresa, por parte do beneficiario/a das condicións que figuran no deseño do proxecto de intervención social.

Artigo 3. PERSOAS BENEFICIARIAS.

1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2.- Enténdese por unidade familiar de convivencia as persoas que vivan soas ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco ata o 4º grao por consanguinidade e ata o 2º grao por afinidade.

Cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.

3.- Nunha unidade familiar un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.

Artigo 4- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1.- Residir e estar empadroado/a no municipio da Laracha de forma ininterrompida, un período mínimo de 6 meses anteriores á formulación da solicitude, coas seguintes excepcións:

- As vítimas de violencia de xénero
- As persoas emigrantes galegas, que sexan orixinarias do concello da Laracha, cando fixen aquí a súa residencia.
- As persoas estranxeiras, refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite, así como as que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias, sempre que en todos os casos cumpran o resto dos requisitos para solicitar esta axuda.

2.- Dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior ó 75% do IPREM, deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda (ata un máximo de 250 euros). Para efectos do cómputo de ingresos poderase solicitar calquera documentación que se considere necesaria para a acreditación dos recursos económicos familiares no momento de realizar a solicitude. No caso dun só membro da unidade familiar, o límite de ingresos será o equivalente ó importe da pensión non





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

contributiva deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda (ata un máximo de 250 euros).

3.- Capital mobiliario: entenderanse medios económicos suficientes no que respecta ós recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen 2 veces o importe do IPREM, en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomarase o saldo recollido nos movementos bancarios dos 6 meses anteriores á data da solicitude).

4.- Capital inmobiliario: que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar non sexa propietario/a ou usufructuario/a de bens inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indique de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender ó gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade destinada a vivenda habitual.

5.- Non dispoñer de outros bens mobles ou inmobles que indiquen signos externos de riqueza.

6.- No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que a unidade familiar cumprira co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios básicos ou polo servizo especializado que corresponda.

Artigo 5.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra prestación pública, dereito á percepción económica ou ingreso privado que lles puidese corresponder ás persoas beneficiarias para a mesma finalidade, agás naqueles casos en que sexa considerado oportuno outorgar axudas de maneira complementaria, en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes sociais, sen que a suma de todas elas supere o importe do custo da necesidade a cubrir.

Artigo 6.- DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

1- Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos económicos de toda a unidade familiar.

2- Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos que se obteñan polos conceptos de rendementos de traballo, retribucións, rendas, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data da solicitude. Terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Cando esta non proceda ou non sexa obrigatorio realizala, acreditaranse os ingresos con certificacións dos organismos correspondentes ou no seu defecto cunha declaración xurada, e certificado negativo da correspondente Delegación Tributaria.

Artigo 7.- GASTOS SUSCEPTIBLES DE AXUDAS

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos extraordinarios polas seguintes situacións de necesidade:

a. Necesidades básicas non cubertas por outros sistemas de protección:

- Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: alimentos (alimentos perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social, así como alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo: celíacos, intolerancias, diabéticos,...), vestuario e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.
- Gastos sanitarios: gastos de farmacia destinados ó pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo do Servizo Galego de Saúde e outros de análoga natureza. Coidados sanitarios, desprazamentos, próteses e axudas técnicas que non estean incluídas no catálogo do Sergas e se valoren como necesarias para alcanzar unha maior autonomía ou mellora nos coidados que precisa o solicitante.

b. Axudas de uso e mantemento da vivenda:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- *Importes pendentes para evitar o desafiuzamento*
 - *Equipamento e mobiliario básico*
 - *Arranxos na vivenda habitual, que por valoración técnica se estimen necesarios no referente ó mantemento e conservación da vivenda.*
 - *Pago de recibos de luz, auga, gas, cotas comunitarias e outros similares cos que contraera unha débeda.*
- c. *Trasporte ou gastos derivados de desprazamentos:*
- *A recursos asistenciais ou sanitarios fora do propio municipio cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levados a cabo dentro deste.*
 - *Desprazamentos dentro propio municipio cando estes sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co programa de educación familiar, asistencia a recursos sociais ou sanitarios.*
- d. *Axudas para a realización de actividades de inserción socio-laboral.*
- *. Asistencia a cursos de formación regrada ou non: matrículas, material e transporte.*
- e. *Axudas para aloxamento alternativo:*
- *. Aloxamento de urxencia, manutención e gastos de desprazamento en casos de vítimas de violencia de xénero e as persoas dependentes delas.*
 - *. cando sexa imposible a permanencia da persoa ou familia no seu domicilio habitual por situación de catástrofe e/ou situación persoal, familiar, sanitaria ou social.*
- f. *Axudas para sepelio.*
- *. cubriranse os gastos básicos do sepelio; en casos excepcionais e debidamente xustificadas poderanse cubrir gastos de incineración.*
- g. *Outros gastos excepcionais, non recollidos nos apartados anteriores, valorados polo persoal técnico do departamento de servizos sociais, como indispensables para prever a marxinação e exclusión*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

social, así como favorecer a normalización de individuos e familias.

Artigo 8.- ORZAMENTO

A dispoñibilidade orzamentaria destas axudas virá dada polo establecido no orzamento municipal anual, na partida consignada a tal efecto.

Artigo 9.- CONTÍA DAS AXUDAS

En concepto de subsistencia ata o 50% do IPREM ata un máximo de 3 meses ó ano.

Por calquera outro concepto: ata un máximo do 200% do IPREM anuais, en unha ou varias solicitudes por diferentes conceptos. No mesmo ano non se concederá mais dunha axuda polo mesmo concepto, tanto ó solicitante como a outro membro da unidade familiar.

Cando a situación o faga necesario, logo da valoración e proposta razoada do persoal técnico do departamento de servizos sociais que o fará constar no informe social, e de forma excepcional, o importe poderá alcanzar o 100% da axuda solicitada

XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

Artigo 10.- FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- *As solicitudes, acompañadas pola documentación especificada no artigo 6, formalizaranse conforme ao modelo establecido no deste regulamento (Anexo I), e presentaranse no rexistro municipal ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

2.- *De forma excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio, mediante informe social*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

emitido polo persoal técnico de servizos sociais, cando concorran circunstancias extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

3.- As solicitudes das axudas de emerxencia social poderán presentarse en calquera momento do ano.

Artigo 11. DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Orixinal do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade. No suposto de estranxeiros/as, documento acreditativo da súa identidade.

b) Orixinal do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación.

c) Orixinal da sentenza de separación ou divorcio ou do convenio regulador ou documento regulador das relacións paterno-filiais, se é o caso.

d) Volante de empadramento colectivo no que conste a data de alta. O certificado será solicitado á oficina xeral municipal por parte dos servizos sociais do Concello.

e) Último recibo aboado do IBI e IVTM (no caso de ser titulares de bens). O certificado será solicitado á oficina de recadación municipal por parte dos servizos sociais do Concello.

f) Copia do contrato de alugueiro ou do préstamo hipotecario da vivenda, e os últimos xustificantes de pagamento, se é o caso.

g) Xustificación de ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar que se atopen en idade laboral relativo aos 6 meses anteriores á presentación da solicitude. Para esta xustificación compre presentar a seguinte documentación acreditativa:

- Nóminas de todos os membros da unidade familiar computables e que perciban haberes.*
- Certificación de percibir ou non prestacións económicas por parte do Servizo Público de Emprego.*
- Certificación de percibir ou non prestacións ou pensións por parte da Seguridade Social.*
- Autorización ao Concello da Laracha para acceder aos datos tributarios debidamente asinada por todos os membros que formen parte da unidade familiar de convivencia ou*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

certificación dos mesmos expedida pola axencia tributaria.(Anexo II)

- *Extracto de movementos da contas bancarias das que sexan titulares ou cotitulares, nos 6 meses anteriores á petición da axuda*
- *Naqueles casos nos que non sexa posible achegar a documentación específica sinalada sobre os ingresos, solicitarase declaración responsable.*

h) Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administración públicas competentes ou institucións privadas.(Anexo III)

i) No caso de padecer enfermidade, informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite tal circunstancia, si fose o caso e se lle requirira.

k) Certificado de grao de discapacidade e/ou grao de dependencia, se é o caso.

l) Documentación acreditativa da situación de necesidade determinantes da solicitude. Esta documentación debe ser orixinal, así como o xustificante do custo ou orzamento nos casos que proceda.

m) Certificación da conta bancaria na que deba efectuarse o ingreso(Anexo IV), de ser o caso, ou documento de pagamento delegado. (Anexo V)

n) Informe de vida laboral.

ñ) No caso de vítimas de violencia de xénero deberá presentar documentación xustificativa.

o) Declaración responsable de estar o corrente no pago das débedas a Facenda e á Seguridade Social e de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario da axuda. (Anexo VI).

Artigo 12. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA AXUDA

1. Presentada a solicitude, ben de oficio ou a instancia de parte, conforme ao establecido nesta ordenanza e acompañada da documentación establecida no artigo 11, serán os servizos sociais quen reciban o expediente e comproben que a solicitude está completa.

2. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 10 días, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 de dito texto legal.

3. Dende o departamento de Servizos Sociais remitirán a solicitude ó departamento de intervención coa finalidade de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente en atención á natureza do gasto pretendido. No suposto de tratarse de reparacións dunha vivenda que estean suxeitas a licenza de obra, daráselles traslado igualmente ó arquitecto técnico municipal co fin de que emita informe técnico sobre a oportunidade da obra pretendida e os trámites necesarios para o outorgamento da licenza ou sometemento ao réxime de comunicación previa.

4. Os servizos sociais do Concello da Laracha realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, procederán á avaliación das solicitudes e emitirán o corresponde informe social que será vinculante, sobre a procedencia ou non da axuda e, se é o caso, o informe de intervención social personalizado.

5. A concesión das axudas reguladas na presente norma, está limitada pola dispoñibilidade orzamentaria establecida nos orzamentos do Concello da Laracha no exercicio ao que se imputen aos gastos. Por tanto, a concesión de axudas ao abeiro deste regulamento supeditarase en todo momento ao crédito dispoñible existente na aplicación orzamentaria de imputación do gasto.

Artigo 13.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

1. De acordo co artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as axudas contempladas neste regulamento serán resoltas pola alcaldía, concedendo ou denegando a axuda solicitada, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, de acordo co previsto na citada norma.

2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

que figure no expediente a efectos de notificacións. A resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición no prazo dun mes, conforme ao establecido no artigo 116 e seguintes da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

3. En calquera caso, o Concello da Laracha denegará a axuda solicitada cando, aínda reunindo o/a solicitante todos os requisitos necesarios para acceder á esta, se esgotara a correspondente aplicación orzamentaria.

4. De xeito excepcional poderá ditarse unha resolución provisional cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen, ata que sexa completado o expediente, logo da certificación de crédito orzamentario.

Artigo 14.- FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

- a. O importe de concesión librarase mediante un único pagamento.
- b. O libramento faráselle preferentemente á persoa ou entidade que esta autorice (pagamento delegado) que preste o servizo para o que se solicita a axuda, e unha vez realizado o mesmo. Excepcionalmente, previo informe social, poderase facer o pagamento directamente ao solicitante. Os pagamentos faranse mediante transferencia bancaria ou anticipo a xustificar.
- c. A axuda xustificarse no prazo dun mes dende que se lle notifique a concesión da axuda, e farase mediante facturas ou outros documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que deberán ser presentadas no rexistro xeral do Concello da Laracha.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Nos casos de obras de adecuación das vivendas, o prazo pódese ampliar ata os seis meses.

ARTIGO 15 . OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

Son obrigas da persoa beneficiaria:

- a. *Destinar a axuda á finalidade concedida.*
- b. *Acreditar ou xustificar a realización da actividade financiada, e o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda.*
- c. *Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu.*
- d. *Comunicar ao concello calquera variación que se produza na situación socio-económica e familiar no prazo de 10 días. Este caso dará lugar a unha nova valoración da situación que poderá modificar, manter ou extinguir a axuda inicialmente concedida.*
- e. *Gardar as facturas referidas aos gastos das mesmas durante o prazo dun ano, no caso de axudas para necesidades primarias.*

ARTICULO 16.- SEGUIMIENTO DAS AXUDAS

Serán os servizos sociais municipais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexidas polas axudas de emerxencia, así como o destino que se lles dea. Poderán solicitarlles ás persoas beneficiarias a información ou a documentación necesaria para o exercicio desta función de forma axeitada.

ARTIGO 17. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.

1.- A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda, a non xustificación da axuda, así como o feito de destinar a axuda a un fin distinto daquel para a que foi

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

concedida, implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

2.- Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

- a. Incumprimento da obriga de xustificar.*
- b. Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.*
- c. Incumprimento da finalidade para a que se concedeu.*
- d. Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.*

3.- Ademais, procederá o reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas, a contía das axudas outorgadas supere o custo da actividade para o que se concedeu a mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte de ser publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo polo prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello; durante tal prazo os interesados poderán examinalo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. No caso de non presentar ningunha reclamación, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario. O acordo de aprobación definitiva e o texto da ordenanza, publicarase no B.O.P., sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a publicación e teña transcorrido o prazo sinalado no art. 65 da Lei 7/1985, do 2 de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO.- Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

4.- MODIFICACIÓN PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016, na que se deu conta do expediente formado no que consta que:

1º.- Acordo do Pleno da Corporación do 16 de decembro de 2015 aprobando a participación no **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** de acordo coas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2015, e publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015.

2º.- Requirimento da Deputación Provincial da Coruña do 2 de febreiro de 2016, instando ao concello da Laracha a eliminar os investimentos: “Mellora de capa de rodadura do camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio”, “Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cabovilaño, Lendo e Soutullo” e “Afirmado e mellora de capa de rodadura do camiño rural AC 400-Vista Alegre, parroquia de Soandres”, ao entender que non teñen carácter social no sentido previsto na base 2.2 das reguladoras do PAS 2015.

3º.- Novos proxectos financeiramente sostibles de carácter social: “*Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)*” e “*Cambio de cuberta no polideportivo de Caión*”.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4º.- Memorias económicas da Alcaldía específicas para cada novo investimento.

5º.- Informes xustificativos do carácter social dos novos investimentos

6º.- Informes técnicos sobre os novos investimentos

7º.- Informes da arquitecta técnica municipal e do secretario sobre a dispoñibilidade dos terreos en cada un dos novos proxectos técnicos.

8º.- Informes da interventora específico para cada novo investimento.

9º.- Acordo do Pleno da Corporación do 23 de marzo de 2016 aprobando a modificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2015 relativo ao **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, no sentido de eliminar os investimentos financeiramente sostibles requiridos pola Deputación Provincial da Coruña ao entender que non teñen carácter social no sentido previsto na base 2.2 das reguladoras do PAS 2015 e incluíndo os seguintes investimentos financeiramente sostibles de carácter social, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)	167550,84	552,10	168102,94
Cambio de cuberta no polideportivo de Caión	69217,86	340,83	69558,69





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

10º.- Requirimentos da Deputación Provincial da Coruña do 18 de abril de 2016, instando ao concello da Laracha a: a) corrixir o proxecto no investimento: “*Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)*” en tanto que no seu orzamento a porcentaxe dos custes indirectos que se inclúen nos prezos descompostos é do 9% en cada unha das partidas cando para este tipo de obra a porcentaxe máxima é o 6%; b) corrixir o acordo plenario que asignou á Deputación Provincial un financiamento de 477873,31 euros cando o subvención provincial asignada ao concello é de 477853,31 euros.

11º.- Novo proxecto do investimento “*Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)*” e “*Cambio de cuberta no polideportivo de Caión*”.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sinala que o seu grupo votará a favor aínda que sen deixar de lado a crítica de que non se deberían incluír obras en estradas nun Plan de Acción Social.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar os acordos adoptados polo Pleno da Corporación, nas sesións extraordinaria do 16 de decembro de 2015 e ordinaria do 23 de marzo de 2016, relativos ao **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

(PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, no sentido de axustar o financiamento ao ter excedido o importe da subvención na cantidade asignada á Deputación Provincial da Coruña, incorporando porén un financiamento de 20,00 euros por parte do concello no investimento “Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Vilaño” e reducindo na mesma cantidade o correspondente á Deputación de tal forma que o resumo será o seguinte:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)	167550,84	552,10	168102,94
Cambio de cuberta no polideportivo de Caión	69217,86	340,83	69558,69
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Torás	103104,61	0,00	103104,61
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	339873,31	892,93	340766,24

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Vilaño	76480,00	506,70	76986,70
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Soandres	61500,00	259,13	61759,13
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	137980,00	765,83	138745,83

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
----------------------	------------	----------	-----------



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE			
CARÁCTER SOCIAL	339873,31	892,93	340766,24
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	137980,00	765,83	138745,83
TOTAL	477853,31	1658,76	479512,07

SEGUNDO.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2016 relativo ao **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, no sentido de aprobar novamente o proxecto técnico do investimento financeiramente sostibles de carácter social, a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, incorporando a modificación do seu orzamento na porcentaxe dos custes indirectos que se inclúen nos prezos descompostos, e sen alteración no orzamento total nin no financiamento:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)	167550,84	552,10	168102,94

TERCEIRO.- Comprometer ao Concello a modificar o Orzamento Municipal do 2016 para dispor dos fondos necesarios na aplicación orzamentaria correspondente para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan, adaptadas ás modificacións acordadas no financiamento.

CUARTO.- Facultar expresamente ao sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE DE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.-

Neste momento abandona o salón de sesións, Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sendo as 13 horas e 52 minutos.

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016, onde se deu conta do Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, que pretende establecer os mecanismos para dar cumprimento ao Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, que prevé na súa disposición transitoria segunda a adaptación, mediante un plan das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais cun prazo máximo de 5 anos, das instalacións de recollida das entidades locais (os puntos limpos en funcionamento cando o prevea a Ordenanza local reguladora do servizo –artigo 8 do Regulamento municipal –BOP nº 66 do 08/04/2013-) dotándoos do equipamento necesario para a recollida e clasificación de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos –RAEE-.

Durante a lectura do ditame Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, reincorpórase á sesión sendo as 13 horas e 53 minutos.

O asunto é sometido a votación, resultando que sometido a votación, resultando que o Pleno da





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solicita-la adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, asinado o 30 de marzo de 2016, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade municipal do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos –RAEE-.

SEGUNDO.- Remitir, de conformidade coa cláusula sexta do convenio marco de colaboración, o certificado do presente acordo e o documento de adhesión recollido como anexo I do Convenio Marco.

6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE PROMOCIÓN DE CONDUTAS CÍVICAS E PROTECCIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS.-

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 25 de abril de 2016, onde se deu conta do expediente tramitado para a modificación da Ordenanza Municipal sobre promoción de condutas cívicas e protección dos espazos públicos do Concello da Laracha, no que consta:

- Providencia da Alcaldía proponendo modificacións na Ordenanza Municipal sobre promoción de condutas cívicas e protección dos espazos públicos do Concello da Laracha no sentido de incorporar fundamentalmente un artigo 14 bis que regule minimamente a nova realidade establecida pola Demarcación de Costas de Galicia no relativo ás instalacións de tempada de praias na zona de dominio público marítimo-terrestre segundo escrito remitido e recibido o 4 de xaneiro de 2016 (registro de entrada nº 8) e o BOP nº 2 do 5 de xaneiro do 2016, de cara a evitar problemas no exercicio dos seus dereitos polos distintos interesados, na liña do xa manifestado á Demarcación de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Costas no que respecta ás escolas de surf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares e a zona a balizar para a práctica do surf, bodyboard, etc.. será moi limitada.

- Proposta de modificación da Ordenanza consistente en:

- Supresión do parágrafo 7 do artigo 14 ao que se lle da nova redacción no parágrafo 7 do novo artigo 14 bis.
- Introducción dun artigo 14 bis; dunha letra f) no artigo 37, renomeando a actual letra f) que pasará a ser a letra g); dun parágrafo 1 no artigo 38, renumerando as sancións moi graves como parágrafo 2, as sancións graves como parágrafo 3 e as leves como parágrafo 4, nas que se incorpora unha aclaración respecto ás sancións a escolas de surf ou similares as que se refire o artigo 14 bis da presente ordenanza; un parágrafo 5 no artigo 40, renumerando o actual número 5, 6 e 7 que pasarán a ser os números 6, 7 e 8 respectivamente.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, anuncia que vaise a abster.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, anuncia que tamén se absterán.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, manifesta que tamén se absterán porque xa se abstiveron no seu día con ocasión da aprobación desta ordenanza que agora se modifica, sen entrar a valorar a modificación que se plantexa agora.

O sr. presidente explica que a modificación proposta ven dada pola necesidade de organización na praia e que as sancións propostas xa son as previstas na ordenanza cun mínimo de 50 euros que, aínda que poda parecer moito, se os monitores das actividades cobran 20 ou 30 euros por alumno, unha sanción inferior pode facer que a sanción non impida a conduta infractora porque é máis beneficiosa. Remata explicando que a presente modificación só ten por finalidade facilitar a convivencia de deportistas e bañistas de tal





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

xeito que todos podamos gozar da praia.

O asunto é sometido a votación, resultando que sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno adopta, **por dez (10) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal do PP e catro (4) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal sobre promoción de condutas cívicas e protección dos espazos públicos do Concello da Laracha, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2010 (BOP nº 102 do 06/08/2010) consistente en:

- Supresión do parágrafo 7 do artigo 14 ao que se lle da nova redacción no parágrafo 7 do novo artigo 14 bis.
- Introducción dun artigo 14 bis; dunha letra f) no artigo 37, renomeando a actual letra f) que pasará a ser a letra g); dun parágrafo 1 no artigo 38, renumerando as sancións moi graves como parágrafo 2, as sancións graves como parágrafo 3 e as leves como parágrafo 4, nas que se incorpora unha aclaración respecto ás sancións a escolas de surf ou similares as que se refire o artigo 14 bis da presente ordenanza; un parágrafo 5 no artigo 40, renumerando o actual número 5, 6 e 7 que pasarán a ser os números 6, 7 e 8 respectivamente.

Artigo 14 bis.- Praias.

1. A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordos coa natureza daquela, sempre que se realicen de acordo coas leis e regulamentos aplicables. O paseo, a estancia e o baño pacífico na praia e no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso, entre eles o uso deportivo.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2. Durante o período estival no que haxa servizo de salvamento e socorrismo a utilización das praias para actividades deportivas tales como surf, bodyboard, kayak, paddle surf o kitesurf, ou outras similares, que se practiquen libremente ou a través dunha escola autorizada, se limitará aos tramos balizados ao efecto dentro da zona de baño. O Concello delimitará neste período a través do seu servizo de salvamento e socorrismo, os tramos de praia exclusivos para o baño distinguíndoos de aqueles outros nos que se permita a práctica de ditos deportes, que poderán ser prohibidos temporalmente por días ou horas cando, derivado dunha gran presenza de bañistas ou outras circunstancias, sexa conveniente a xuízo do servizo de salvamento e socorrismo para protexer a seguridade dos bañistas.

3. As escolas de surf, bodyboard, kayak, paddle surf o kitesurf, ou outras similares que pretendan actuar na praia de Caión deberán contar coa preceptiva autorización expedida pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia, que deberá ser exhibida a solicitude dos axentes da Policía Local ou dos membros do servizo de salvamento e socorrismo. Aquelas escolas que non contén con dita autorización teñen prohibida a entrada na zona de baño.

O impacto máximo da actividade de ditas escolas na auga non superará a proporción de alumno por metro de tramo de costa balizado para a práctica de actividades deportivas que determine en cada momento a Demarcación de Costas a través das correspondentes instrucións. Cando se esgotara esta capacidade, non poderán entrar na auga novas escolas con novos alumnos ata que saian dela as escolas que se atopan na auga e se restableza dita capacidade. Coa finalidade de establecer unha orde de preferencia entre escolas para entrar na auga, e aos efectos do disposto neste parágrafo, estas deberán cada día e de forma presencial identificarse e apuntarse no posto de socorrismo da praia, dando os socorristas autorización para a entrada da escola na auga por rigoroso orde de prelación.

Coa finalidade de que todas as escolas autorizadas podan utilizar as praias deste Concello, e tendo en conta as súas pequenas dimensións, prohíbese que unha mesma escola poda permanecer na auga mais de 90 minutos consecutivos, sexa cos mesmos ou con distintos alumnos, se existe outra escola apuntada e interesada en entrar na auga.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Estas escolas deberán identificarse claramente mediante licras nas que conste o nome da escola e con cores distintos para profesores e alumnos.

4. Todos os bañistas e todas as persoas que realicen actividades deportivas na praia de Caión descritas no presente artigo, libremente ou a través dunha escola autorizada, deberán gardar as normas de seguridade que o Concello impoña a través do seu servizo de salvamento e socorrismo e obedecer as ordes e instrucións dadas polos integrantes de dito servizo sobre salvamento e seguridade de vidas humanas. Quen vulnere ditas ordes ou instrucións, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal de salvamento e socorrismo, abandonarán de inmediato a zona.

5. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada no que haxa servizo de salvamento e socorrismo ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aqueles que non fagan caso das orientacións e indicacións dadas polos integrantes do servizo de salvamento e socorrismo ou fóra das zonas balizadas para o baño ou para a práctica de actividades deportivas.

Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella e exista risco para a integridade física dos bañistas. Quen vulnere a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal de salvamento e socorrismo, deixarán de tomar o baño de inmediato.

6. Queda prohibido dar un uso diferente ao que lles é propio ás duchas, lavapés e aseos situados nas praias, así como limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou produtos similares. Ao mesmo tempo, fomentarase o aforro na utilización da auga.

7. Queda prohibida a entrada de cans e outros animais nas praias entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

8. Prohíbese a venda ambulante na praia. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán requisar as mercadorías a aquelas persoas que incumpran esta prohibición, que só poderán ser devoltas cando se presente un xustificante que acredite a súa propiedade.

Artigo 37.- *Infraccións leves*

Introdúcese unha nova letra f): as accións e omisións que vulneren o disposto no artigo 14.bis da presente ordenanza.

A actual letra f) pasará a ser a letra g): as accións e omisións contrarias ao establecido nesta ordenanza que non fosen tipificadas nos artigos anteriores.

Artigo 38.- *Sancións*

1. Con carácter previo á incoación dun expediente sancionador, a autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente ou por escrito aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, a fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obrigaición debida.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiarán aos axentes da autoridade na labor de información dos incumprimentos do establecido no artigo 14 bis da presente Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións á mesma e apercibindo aos infractores que de persistir na súa actitude trasladarán denuncia á Autoridade.

2. As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de 1.501,01 euros ata 3.000,00 euros

3. As infraccións graves serán sancionadas con multas de 750,01 euros ata 1.500,00 euros

4. As infraccións leves serán sancionadas con multas de 50,00 euros ata 400 euros. No caso das escolas





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

de surf ou similares as que se refire o artigo 14 bis da presente ordenanza, a sanción será de 50,00 euros por alumno.

Artigo 40.- Persoas responsables

5. No caso das escolas de surf ou similares ás que se refire o artigo 14.bis, serán responsables solidarios o encargado/profesor que se atope na praia e a escola en cuestión.

6. Nos demais supostos, serán responsables directos das infraccións a esta ordenanza os autores materiais das mesmas.

7. Con carácter xeral, serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado sobre as que recaia o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros poidan cometer.

No caso de que o responsable sexa menor de idade ou concorra naquel algunha causa legal de inimputabilidade, responderán os pais, titores ou quen teñan confiada a custodia legal.

8. Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

SEGUNDO.- Expor ao público o presente acordo polo prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello; durante tal prazo os interesados poderán examinalo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. No caso de non presentar ningunha reclamación, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario. O acordo de aprobación definitiva e o texto da modificación da Ordenanza Municipal sobre promoción de condutas cívicas e protección dos espazos públicos do Concello da Laracha, publicarase no B.O.P., sen que a modificación do Regulamento entre en vigor ata que se leve a cabo a publicación e teña transcorrido o prazo sinalado no art. 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Publicarase o texto completo da Ordenanza cos cambios que se aproben definitivamente en tanto





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

que cómpre dispoñer dun texto consolidado para evitar erros e confusións por parte do concello, do axentes da autoridade e da veciñanza.

TERCEIRO.- Contra a modificación desta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

7.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO ECONÓMICO 2015.-

En cumprimento do sinalado no artigo 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o secretario procede a dar conta da Resolución da Alcaldía de data 11 de abril de 2016, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

*Examinado o expediente de liquidación do Orzamento do exercicio económico de 2015, vistos os Informes de Intervención acerca de dito expediente e acerca da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto, vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a devandita Lei en materia orzamentaria, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio económico de 2015, co seguinte **resultado orzamentario:**

1.- Dereitos recoñecidos netos (1.a + 1.b + 1.c).....	8.387.387,57 €
1.a.- Operacións non financeiras (1.a.1 + 1.a.2).....	8.198.190,26 €
1.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....	.7.467.412,19 €
1.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....	.730.778,07€



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”

Documento firmado digitalmente. CVD: mWuiUyvpGagRdAY0Cq4c
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=MARTINEZ, SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=MARTINEZ, SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN="IGLESIAS MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V", GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico de empl
CN="IGLESIAS MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V", GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico de empl
El documento consta de un total de:36 páxina/s. Páxina 33 de 36.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

1.b.- Activos financeiros	0,00 €
1.c.Pasivos financeiros	189.197,31 €
2.-Obrigas recoñecidas netas (2.a + 2.b + 2.c).....	8.302.159,19 €
2.a.- Operacións non financeiras (2.a.1 + 2.a.2).....	8.174.797,16 €
2.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....	5.678.017,71 €
2.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....	2.496.779,45 €
2.b.- Activos financeiros	0,00 €
2.c.- Pasivos financeiros	127.362,03 €
3.-Resultado orzamentario(1-2).....	85.228,38 €
4.- Axustes:	
4.a.- Obrigas recoñecidas financiadas con remanente para gastos xerais..	656.018,09 €
4.b.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio	716.931,99 €
4.c.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio	438.806,25 €
8.- RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3 + 4.a + 4.b - 4.c).....	1.019.372,98 €

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte estado de Remanente de Tesourería:

Debedores pendentes de cobro en fin de exercicio:.....	273.962,79 €
De orzamento de ingresos, orzamento corrente:	180.931,79 €
De orzamento de ingresos, orzamentos pechados:	787,32 €
Doutras operacións non orzamentarias:	92.774,64 €
Menos = Ingresos pendentes de aplicación definitiva:	530,96 €
Acredores pendentes de pago en fin de exercicio:	400.566,64 €
De orzamento de gastos, orzamento corrente:	212.947,83 €
De orzamento de gastos, orzamentos pechados:	400 €





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

De outras operacións non orzamentarias: 189.446,46 €

Menos = Pagos pendentes de aplicación definitiva: 2.227,65 €

Fondos líquidos na tesourería a fin de exercicio:1.660.916,53 €

REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL..... 1.534.312,68 €

Saldo de dubidoso cobro196,83 €

Exceso de financiamento afectado.....4.480,18 €

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERÁIS.....1.529.635,67 €

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno da presente Resolución na primeira sesión que se celebre.

CUARTO.- Remitir copia da Liquidación do Orzamento de 2015 á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Iglesias Martínez, dou fe”.

Asemade deuse traslado aos membros da Corporación dos informes da interventora que serven de antecedente á Resolución transcrita, relativos tanto á Liquidación do Orzamento de 2015 como a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na mesma.

Os membros da Corporación asistentes á sesión, **quedan enterados** da Resolución da Alcaldía nº 234/2016 do 11 de abril transcrita aprobando a Liquidación do Orzamento do Exercizo 2015.

O sr. presidente explica brevemente o contido e conclúe que o grupo de goberno fai o orzamento con rigor e que o concello goza de boa saúde financeira, quedando os membros da Corporación asistentes á sesión, **enterados**

E non habendo máis asuntos de que tratar, o sr. presidente levanta a sesión sendo as 14 horas, da que





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. presidente.

Documento firmado digitalmente. CVD: mWuiUyypGagRdAY0Cq4c
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN="MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V", GIVENNAME=MARTINEZ BARBEITO, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico de empl
CN="MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V", GIVENNAME=MARTINEZ BARBEITO, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico de empl
El documento consta de un total de:36 página/s. Página 36 de 36.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."

